

**PROGRAMACIÓN  
XERAL ANUAL  
CURSO 2024/25**

**CEIP ROSALÍA DE CASTRO  
A Coruña**

## ÍNDICE

1. Datos xerais do Centro.
2. Obxectivos específicos do Centro: medidas, recursos e responsables.
3. Horario Xeral do centro.
  - 3.1 Horario de cómputo semanal e mensual.
  - 3.2 Criterios pedagóxicos para a súa elaboración.
  - 3.3 Quendas de recreos.
  - 3.4 Horario escolar de alumnos/as e profesorado.
4. Plan de organización pedagóxica.
  - 4.1 Organización do profesorado e titorías.
  - 4.2 Adscripción do profesorado por especialidades.
  - 4.3 Coordinación docente.
    - 4.3.1 Equipos de Coordinación Educación Infantil.
    - 4.3.2 Equipo de Coordinación Educación Primaria.
    - 4.3.3 Comisión de Coordinación Pedagóxica.
    - 4.3.4 Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
    - 4.3.5 Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.
    - 4.3.7 Departamento de Orientación.
    - 4.3.8 Dinamización TICs.
    - 4.3.9 Actividades de dramatización e teatro.
    - 4.3.10 Equipo de biblioteca.
    - 4.3.11 Comisión de Convivencia.
    - 4.3.12 Conmemoracións.
5. Estatística do alumnado.
6. Situación das instalacións do centro.
7. Programa anual de formación do profesorado.
8. Estratexias metodolóxicas.
  - 8.1 Estratexias metodolóxicas e organizativas.
  - 8.2 Estratexias metodolóxicas organizativas de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais:
    - a) Introducción.
    - b) Obxectivos.
    - c) Metodoloxía.
    - d) Temporalización.
    - e) Reunións.
9. Avaliación.
10. Plan de Organización dos órganos colexiados e do Equipo Directivo.
11. Plan de potenciación da lingua galega.
12. Relación de libros de texto e material escolar.
13. Actividades complementarias e extraescolares.
  - 13.1 Actividades complementarias.
  - 13.2 Actividades extraescolares.
14. Plan de Autoprotección do centro.
15. Plan para a potenciación e organización das relacións coa Comunidade e as Familias.
16. Plan de utilización das instalacións do centro.
17. Plan de biblioteca e proxecto lector.
18. Réxime económico do centro.
19. Plan xeral de avaliación do centro. Avaliación Diagnóstica.
  - 18.1 Datas da Xunta de Avaliación.
20. Persoal non docente.
21. Comedor escolar e Programa Madrugadores.

22. Observatorio de Convivencia.
23. Solicitud dos días non lectivos.
24. Arranxos.
25. O Patio.

## **1. DATOS XERAIS DO CENTRO**

Nome do Centro: C.E.I.P. "Rosalía de Castro"

Código do Colexio : 15005361

Dirección Postal : R/ Río Avia, s/n, C.P.: 15007

Teléfono: 881 96 02 45. Fax: 881 96 02 46

Páxina web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiprosalia.corunha/>

Correo electrónico: [ceip.rosalia.corunha@edu.xunta.es](mailto:ceip.rosalia.corunha@edu.xunta.es)

Servizos Complementarios: comedor escolar e programa "madrugadores" xestionados pola ANPA.

Unidades:

- 3 de Educación Infantil: 4º, 5º e 6º de EI.
- 2 de Primeiro de Educación Primaria.
- 1 de Segundo de Educación Primaria.
- 1 de Terceiro de Educación Primaria.
- 2 de Cuarto de Educación Primaria.
- 1 de Quinto de Educación Primaria.
- 1 de Sexto de Educación Primaria.

## **2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO**

### **A) POTENCIAR O COÑECEMENTO DA CULTURA E LINGUA GALEGAS.**

MEDIDAS: Cada membro do Claustro participará nas actividades deseñadas e tentará que a cultura e lingua galegas estean presentes no día a día das aulas e nos festivais.

RECURSOS: Páxina web do colexio, aula virtual, visualización de xornais locais e doutros colexios, carteis, exposicións, festivais, etc.

RESPONSABLES: Profesorado do Centro e Equipo de Dinamización da Lingua Galega.

### **B) OPTIMIZAR O APROVEITAMENTO DIDÁCTICO DA BIBLIOTECA DO CENTRO.**

MEDIDAS: Seguirase a aumentar os fondos da Biblioteca e a difundilos entre a Comunidade Educativa axeitadamente. Empregarase o espazo da Biblioteca Escolar para o préstamo e actividades de animación á lectura. A Biblioteca volverá a estar aberta de 16 a 17 horas a partir do mes de outubro.

RECURSOS: Fondos da Biblioteca Escolar, fotografías, exposicións, páxina web do centro, etc.

RESPONSABLES: Equipo de Biblioteca e Profesorado do Centro.

### **C) AUMENTAR A COMPETENCIA LECTORA DO ALUMNADO.**

**MEDIDAS:** Continuarase co desenvolvemento do Plan Lector. Neste curso seguirase reservando un horario en cada aula para Lectura Silenciosa Sostida. As Mochilas Viaxeiras volverán á súa xeira.

Continuarase co Club de Lectura para Familias e o Club de Lectura para o alumnado dos cursos superiores.

**RECURSOS:** Biblioteca do Centro e de aula; Comunidade Educativa.

**RESPONSABLES:** Equipo de Biblioteca e profesorado do Centro.

## **D) MELLORAR O RENDEMENTO ACADÉMICO DO ALUMNADO.**

**MEDIDAS:** O profesorado continuará cun Proxecto de Formación Permanente coas seguintes liñas de traballo: Educación Afectivo-Sexual, Comunidades de Aprendizaxe, Aproveitamento da Biblioteca Escolar e Polos Creativos. Con elas preténdese mellorar o rendemento académico e a convivencia no Centro. Dentro do traballo cara a convertírnos nunha Comunidade de Aprendizaxe, comezaremos a organizar nas aulas Grupos Interactivos para asegurar que ningún estudante que atrás.

Continuarase coas sesións de apoio entre o profesorado que teña algunha hora libre.

O Centro volveu solicitar os programas de reforzo PROA+ e Acompaña, que aportarán profesorado específico para apoiar ao alumnado que o precise.

O Centro seguirá a participar este ano no Proxecto MUS-E da Fundación Yehudi Menuhin.

O alumnado de 4º, 5º e 6º de Primaria que asiste a clase de Relixión Católica seguirá a participar no programa “La Aventura de Vivir la vida” consistente en compartir experiencias e coñecementos virtualmente entre noso Centro e outras partes de España.

O alumnado de maior competencia curricular participará un Programa de Enriquecemento (Innova Edu-excelencia) que axude á súa motivación e desempeño académico cara á excelencia.

Coa chegada do equipamento para Polos Creativos e a formación do Profesorado ao respecto agardamos mellorar as competencias do alumnado, especialmente nas referidas a STEAM.

O baixo rendemento académico está moi vencellado ao absentismo escolar. Por iso reforzaremos o control de asistencia e seremos estritos na apertura de Protocolos de Absentismo e/ou solicitude de intervención dos Servizos Sociais ante as faltas reiteradas de asistencia ou puntualidade (tanto na entrada como na saída).

**RECURSOS:** O CFR da Coruña financiará as sesións con persoas expertas e parte do material e bibliografía necesarios. A Consellería proporcionará o profesorado para as sesións de reforzo do Programa PROA+ e Acompaña. A Fundación Yehudi Menuhin proporcionará os medios necesarios para desenvolver o Proxecto MUS-E en colaboración coa Fundación Paideia e o Concello da Coruña.

**RESPONSABLES:** Claustro, Equipo Directivo, persoa coordinadora do PFPP, persoa coordinadora do Proxecto MUS-E. profesora de Relixión Católica.

## **3. HORARIO XERAL DO CENTRO**

O Centro ten concedida a Xornada Lectiva en sesión única de 9 a 14 horas.

O horario lectivo do profesorado será o mesmo pero permanecerá tamén no Centro de 16 a 19 horas os luns e o resto da semana de 16 a 18 organizándose en gardas. Neste tempo o profesorado dedicárase a desenvolver as seguintes funcións:

- Xuntanzas de profesorado, de coordinación docente, elaboración de documentos oficiais, programacións de aula e tarefas, ademais de tódalas xuntanzas que no seu momento se consideren necesarias e dentro do horario de cómputo semanal.
- Acción tutorial: xuntanzas e/ou assembleas coas familias (luns de 16 a 17 horas).
- Elaboración de informes e boletíns de E.I. e E.P.
- Reunións do Equipo de Orientación.

### **3.1. HORARIO DE CÓMPUTO SEMANAL E CÓMPUTO MENSUAL.**

O horario de cómputo semanal é de 25 horas lectivas (dentro delas, 2 serán de libre disposición e o profesorado poderá saír do centro se así o desexa) e de outras 5 horas de obrigada presenza no Centro. As tarefas a desenvolver serán as seguintes:

- Luns de 16 a 17 h.: tutoría coas familias.
- Luns de 17 a 18 h.: preparación do traballo de aula, Equipos de ciclo, Departamento de Orientación, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Biblioteca, Equipo de Tics, Plan Dixital, Comisión de Convivencia e Equipo de Actividades Extraescolares.
- Luns de 18 a 19 h. Comisión de Coordinación Pedagóxica, Claustro ou Consello Escolar.
- Todos os días de 16 a 17 h.: garda de Biblioteca.
- Resto da semana: de 16 a 18 h., apoio a actividades extraescolares, preparación do traballo de aula, Formación en Centro, etc.

### **3.2. CRITERIOS PEDAGÓXICOS PARA ELABORACIÓN DOS HORARIOS.**

Os criterios que se seguiron para confeccionar os horarios foron:

- As materias impartidas por especialistas serán desenvolvidas en días alternos en cada grupo.
- As materias de Educación Física e Música contarán cunha franxa horaria que considere os niveis de fatiga do alumnado.
- En Educación Infantil terán (ademais das prescritivas sesións de Lingua Inglesa) clases de Relixión (impartida polas mestras especialistas), Psicomotricidade e Música (impartidas polas titorías).
- A Lingua Inglesa en Educación Infantil distribuirase en dúas sesións semanais de media hora.
- Procurarase que en cada franxa horaria haxa alomenos de garda un membro do Equipo Directivo.
- Procurarase que o horario de todos os niveis sexa o máis equilibrado posible.
- O apoio ao alumnado que máis o precise será contemplado dentro do horario de cada mestre.

### **3.3. VIXIANCIA DE RECREOS, ENTRADAS E SAÍDAS.**

O recreo contará coa vixilancia de tres membros do claustro en Educación Primaria e dous en Educación Infantil. O horario será de 11,30 a 12,00 h.

O alumnado de 6º de Infantil e Primaria fará o recreo no patio cuberto. O de 4º e 5º de Infantil no seu propio patio.

Para atender axeitadamente á diversidade e fomentar que os tempos de recreo sexan máis inclusivos baixando o número de alumnado concentrado no mesmo espazo e diminuindo o ruído, unha vez á semana cada grupo de primaria (agás 1º) fará o recreo no ximnasio.

No referido ás entradas e saídas, cada grupo será recollido e devolto ao patio polo profesorado que tiver clase con el a primeira e última hora. O profesorado que non teña docencia nesas horas vivirá as escaleiras e acompañará ás aulas ao alumnado que entre tarde.

### 3.4. HORARIO ESCOLAR DE ALUMNADO E PROFESORADO.

Serán enviados á Inspección a través da Plataforma de Xestión XADE. Estarán expostos na sala do profesorado e na porta de cada aula.

## 4. PLAN DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA

### 4.1 ORGANIZACIÓN DO PROFESORADO POR TITORÍAS.

<i>EDUCACIÓN INFANTIL</i>	
4º	5º
ROUCO FERREIRO, JAVIER F.	FARIÑA BARREIRO, SANTIAGO
VELEIRO TENREIRO, MARÍA BELÉN	
APOIO: FERNÁNDEZ BATÁN, Mª AMPARO	
<i>EDUCACIÓN PRIMARIA</i>	
1º A	SACEDÓN NAVEIRA, CARLOTA ARIMA
1º B	TOLEDANO GÓMEZ, ALEJANDRA
2ª	MIRANDA SABURIDO, JESSICA
3º	ANDRADE PÉREZ, LAURA
4º A	CERNADAS CAAMAÑO, LAURA
4º B	VÁZQUEZ ALONSO, ALBERTO
5º	CALVO VARELA, JOSÉ
6º	IGLESIAS HERRERO, ISABEL Mª

### 4.2 . ADSCRICIÓN DO PROFESORADO POR ESPECIALIDADES.

Apoio en Educación Infantil	FERNÁNDEZ BATÁN, Mª AMPARO
Apoio en Educación Primaria	RIVAS MALLO, MARÍA PILAR
Música Ed. Inf./Primaria, completa con materias 4º A	CELEMÍN SANTOS, JESÚS JAVIER
Ed. Física en E. P./ Secretario	VÁZQUEZ RIVAS, MIGUEL
Lingua Estranxeira (Inglés) 2º a 6ºEd. Primaria	RODRÍGUEZ BERMÚDEZ, Mª IRMA
Lingua Estranxeira (Inglés) en Ed. Infantil e 1º E. P./Apoio dirección	MÍGUEZ SANMARTÍN, PABLO
Orientador	RAMUDO ANDIÓN, INDALECIO
Pedagogía Terapèutica	NOVO CIENFUEGOS, ANA MARÍA
Audición e Linguaxe (preferente)	CERQUEIRA PEREIRA, CLARA
Audición e Linguaxe	MARTÍNEZ GARCÍA, Mª LUISA
Relixión Evanxélica	MARQUÉS NAVEIRAS, ELISA

Relixión Católica	SALÓ GARCÍA, SONIA
-------------------	--------------------

### 4.3. COORDINACIÓN DOCENTE

O traballo docente organízase a través de diferentes Equipos.

#### 4.3.1. EQUIPO DE EDUCACIÓN INFANTIL

COORDINADORA: FERNÁNDEZ BATÁN, M <sup>a</sup> AMPARO		
RESTO DE COMPOÑENTES		
MÍGUEZ SANMARTÍN, PABLO	ROUCO FERREIRO, JAVIER	MARTÍNEZ GARCÍA, M <sup>a</sup> LUISA
VELEIRO TENREIRO, MARÍA	FARIÑA BARREIRO,	

#### Calendario de reunións:

Os segundos luns de cada mes de 17 a 18 horas.

#### Propostas:

- Colaboración co Equipo de Normalización Lingüística nas distintas actividades que se propoñan.
- Colaboración co Departamento de Orientación para atender as NEAE do alumnado de infantil que así o precise.
- Iniciación do alumnado de E. Infantil en informática, manexo da PDI e robótica.
- Desenvolver as seguintes actividades complementarias ademais das de obrigado cumprimento:

1º Trimestre: Samaín/Halloween, Magosto, Nadal.

2º Trimestre: Paz, Día de Rosalía, Entroido.

3º Trimestre: Letras Galegas, Día do Libro, Día do Medio Ambiente.

#### 4.3.2. EQUIPOS DE COORDINACIÓN EDUCACIÓN PRIMARIA

#### Calendario de reunións:

Os segundos luns de cada mes de 17 a 18 horas.

##### 4.3.2.1. Primeiro Ciclo de Primaria.

COORDINADORA: SACEDÓN NAVEIRA, CARLOTA ARIMA		
TOLEDANO GÓMEZ,	NOVO CIENFUEGOS, ANA	
MIRANDA SABURIDO, JESSICA	CERQUEIRA PENA, CLARA	

#### Propostas:

- Facer un seguimento máis exhaustivo dos alumnos/as con NEAE, aumentando a coordinación entre o departamento de orientación e as titorías a través de reunións cunha periodicidade trimestral.

- Facer un seguimento dos obxectivos mínimos acadados polo alumnado estranxeiro, en especial o de apoio educativo, a través de reunións con periodicidade trimestral.
- Facilitar tempos para a coordinación interna.
- Participar e colaborar na planificación das distintas actividades que se realicen no centro propostas polos equipos de TIC, extraescolares, biblioteca e dinamización da lingua galega: elaboración de materiais didácticos, ambientación e decoración das dependencias comúns do colexio, etc.
- Organizar as actividades comúns de: 1º trimestre: Samaín, Magosto, día da discapacidade e Nadal. 2º trimestre : Día da Paz, día de Rosalía, 8M e Entroido. 3º trimestre: Días das Letras Galegas e Día do Libro, Día Mundial do Ambiente.
- Traballar a competencia dixital a través da introducción ao emprego de novas tecnoloxías.
- Manter activas as aulas virtuais a través de contidos interactivos variados e adaptados.
- Equipar as aulas con novo material didáctico.
- Dinamizar as horas de ler (apadriñamento lector, recomendacións lectoras...)

#### 4.3.2.2. Segundo Ciclo de Primaria.

COORDINADORA: ANDRADE PÉREZ, LAURA	
VÁZQUEZ ALONSO, ALBERTO	CELEMÍN SANTOS, JESÚS JAVIER
MARQUÉS NAVEIRAS, ELISA	CERNADAS CAAMAÑO, LAURA

#### Propostas:

- Desenvolver habilidades sociais e hábitos de convivencia (entradas e saídas en orde, uso correcto dos corredores e escaleiras... ) e fomentar actitudes respetuosas do alumnado nas festas, conmemoracións, festivais ...
- Fomentar hábitos de puntualidade no alumnado .
- Participar no mantemento da limpeza do centro (creación de patrullas verdes).
- Mellorar a coordinación entre os diferentes ciclos.
- Continuar coas propostas de formación do profesorado no propio centro, priorizando aqueles temas que máis interesen.

#### 4.3.2.3. Terceiro Ciclo de Primaria.

COORDINADOR: CALVO VARELA, JOSÉ	
IGLESIAS HERRERO, ISABEL Mª	RODRÍGUEZ BERMÚDEZ, Mª IRMA
VÁZQUEZ RIVAS, MIGUEL	

#### Propostas:

- Progresar na adquisición de hábitos de puntualidade.
- Adquirir hábitos de alimentación saudable.
- Dinamizar as canles informativas entre a escola e a familia.
- Participar nas actividades e conmemoracións propostas polos diferentes departamentos e equipos do colexio.



- Continuar coa campaña de animación á lectura iniciada nos cursos anteriores.
- Fomentar o uso da lingua galega nos diferentes proxectos e actividades escolares.
- Participaremos en algunhas das diferentes conmemoracións de obrigado cumprimento para o curso 24/25 e tamén participaremos en tódalas actividades consideradas de interese pedagóxico que vaian xurdindo ao longo do curso.

#### **Actividades a solicitar:**

- Solicitaremos 3 saídas ofertadas polo concello ou diferentes organismos.
- Participaremos en concertos didácticos do Palacio da Ópera e no proxecto didáctico da biblioteca da Sagrada Familia.
- En sexto realizarase a excursión de fin de etapa.

#### **4.3.3. COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA.**

SECRETARIA: TOLEDANO GÓMEZ, ALEJANDRA
RESTO DE COMPOÑENTES:
TODO O CLAUSTRO

#### **Calendario de reunións:**

Os luns de 17 a 18 horas e cantas outras se consideren necesarias.

#### **Propostas:**

- Propoñer e dirixir a liña pedagóxica do centro e velar polo seu cumprimento.
- Propoñer obxectivos específicos do Centro e aqueles que imos traballar durante o ano.
- Facer o seguimento dos obxectivos acadados polo alumnado en xeral, os que necesitan apoio e o alumnado de familias migrantes.
- Realizar proxectos ou traballos nos que participen todos os cursos.
- Coordinar mensualmente as actividades complementarias, festas, conmemoracións e saídas didácticas.
- Propoñer a compra e bo uso de material didáctico.
- Realizar o seguimento do alumnado con NEAE e atender ao que precisen apoio, a través do Departamento de Orientación.
- Organizar e coordinar as actividades didácticas que impliquen a todo o Centro.

#### **4.3.5. EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA.**

COORDINADORA: IGLESIAS HERRERO, ISABEL Mª			
MIRANDA JESSICA	SABURIDO,	FARIÑA BARREIRO, SANTIAGO	MARTÍNEZ GARCÍA, Mª LUISA
CALVO VARELA, JOSÉ		VÁZQUEZ ALONSO, ALBERTO	

#### **Calendario de reunións:**

Primeiros luns de cada mes, en horario de 17:00 a 18:00 horas.

#### **Propostas:**

- Promover e revisar o uso da Lingua Galega na redacción dos documentos do centro, nos carteis que se coloquen nos distintos andares e nas diferentes actividades que se desenvolvan.

- Fomentar o uso do galego nas festas e conmemoracións: Magosto, Samaín, Nadal, Día da Paz, Entroido, Día de Rosalía, Semana do xornal, Letras Galegas, Festivais, etc. procurando que traballos, cancións, vídeos, carteis, exposicións, obras de teatro e outros escritos estean redactados en galego.
- Ofrecer á comunidade educativa unha imaxe moderna da lingua galega, vencellándoa ás TIC, así como informar sobre os recursos existentes para os procesos de ensino e aprendizaxe do galego e en galego (tradutores, correctores, páxinas Web e música).
- Convocar actividades que estimulen a creatividade do alumnado vinculada ao uso da lingua galega en diferentes contextos (postais de Nadal, coplas de Entroido, poesía, narrativa, teatro...).
- Celebrar a Semana das Letras Galegas tendo como referente principal ao autor/a ao que este ano se homenaxea.
- Promover actividades de animación á lectura en Lingua Galega.
- Propoñer a adquisición de bibliografía e material de consulta en galego.
- Colaborar coas actividades programadas polo equipo da Biblioteca.
- Difundir información facilitada por distintas institucións, asociacións e outros EDLG relacionada coa Lingua Galega.
- Solicitar a axuda económica dos EDLG necesaria para a realización das actividades propostas no Proxecto de Fomento.
- Facilitar á comunidade educativa ferramentas para unha mellor comprensión do galego a través da web do centro (tradutor, dicionario da RAG, dicionario de sinónimos...) co fin de que non vexan o galego como un impedimento.
- Fomentar a expresión e comprensión oral do galego a través de diferentes actividades a nivel de aula e centro.
- Eliminar posibles prexuízos lingüísticos cara o galego, facendo fincapé na consideración de sinal de identidade do pobo galego.
- Dar a coñecer e potenciar a valoración do noso patrimonio cultural

#### **4.3.6. EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

COORDINADORA: RODRÍGUEZ BERMÚDEZ, Mª IRMA	
MARQUÉS NAVEIRAS, ELISA	VÁZQUEZ ALONSO, ALBERTO
ROUCO FERREIRO, JAVIER F.	TOLEDANO GÓMEZ, ALEJANDRA
MIRANDA SABURIDO, JESSICA	CERNADAS CAAMAÑO, LAURA
SACEDÓN NAVEIRA, CARLOTA ARIMA	ANDRADE PÉREZ, LAURA
CALVO VARELA, JOSÉ	IGLESIAS HERRERO, ISABEL Mª
CERQUEIRA PEREIRA, CLARA	

#### **Calendario de reunións:**

Unha sesión extraordinaria a principio e final de curso e unha por trimestre cando proceda, o luns ás 17:00 horas.

#### **Funcións do coordinador:**

- Elaborar o Plan Anual de actividades.
- Ante a cantidade de familias en risco de exclusión que temos no colexio o custo dos autobuses que se necesiten para a as saídas será asumido polo Centro.
- Programar cada actividade: obxectivos, responsable, momento, lugar, etc.
- Proporcionar información aos titores, alumnos/as e familias sobre as actividades.
- Controlar o servizo de autobuses das actividades.
- Recoller información da Comunidade educativa en xeral, Concello, servizos institucionais, etc. das actividades complementarias e extraescolares, concertos, sesións

de teatro, etc., promovidas polo Servizo Municipal de Educación do Concello de A Coruña.

- Poñer a disposición das titorías, alumnado e familias a información que vaia chegando ao centro sobre as actividades ofertadas.
- Proporcionar información sobre as festividades e celebracións de obrigado cumprimento.
- Colaborar nas actividades destinadas a dar pulo á biblioteca do centro.
- Debater sobre o carácter e orientación das actividades nas que se participa.
- Colaborar co equipo de Normalización Lingüística no ámbito das súas competencias.
- Potenciar a coordinación e colaboración entre ciclos no desenvolvemento destas actividades.
- Elaboración dunha memoria anual das actividades ao remate do curso.

#### 4.3.7 DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.

COORDINADOR: INDALECIO RAMUDO ANDIÓN		
ANA Mª NOVO CIENFUEGOS	CERQUEIRA PENA, CLARA	MARTÍNEZ GARCÍA, Mª LUISA
ROUCO FERREIRO, JAVIER F.	CERNADAS CAAMAÑO, LAURA	

#### Centros de Secundaria adscritos:

- IES A Sardiñeira.
- IES Rafael Diestre.

#### Calendario de reunións:

Os membros do Departamento reuniranse os terceiros luns de cada mes en horario de 17:00 a 18:00. Ademais, o Orientador asistirá ás reunións convocadas pola xefatura do DO de Secundaria aos que se está adscrito, así como a todas aquelas nas que sexa preciso a súa presenza.

#### Obxectivos:

Os obxectivos formulados abranguen a toda a comunidade educativa:

##### ■ Obxectivos referidos ao Centro:

- Participar na revisión, actualización e desenvolvemento de Plans e Proxectos do centro co fin de adaptalos ás necesidades actuais e incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención a diversidade.
- Contribuír á dinamización da planificación e organización educativa.
- Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.
- Estreitar vencellos coa comunidade educativa favorecendo canles de comunicación e actuación.
- Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias, facéndoas participes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida.

##### ■ Obxectivos específicos referidos ao alumnado:

- Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe (medidas de atención á diversidade), impulsando iniciativas de compensación de desigualdades de orixe.
- Procurar a inclusión do alumnado con NEAE.
- Atender as demandas persoais de orientación que se presenten, así como ás NEAE. Organizar os apoios do alumnado que precisen reforzo educativo dentro dos ciclos, tendo en conta a disponibilidad de horario do profesorado.
- Potenciar a orientación educativa e profesional, sobre todo nos últimos cursos de Educación Primaria.
- Levar á práctica un deseño funcional de orientación educativa e acción tutorial con fines preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal.
- Desenvolver programas de adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, inmersas no propio currículo.
- Identificar as dificultades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación e medidas para a súa atención.
- Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas.
- Facilitar o tránsito entre etapas educativas.
- Mellorar o rendemento do alumnado nas competencias clave, especialmente na competencia en comunicación lingüística (comprensión e expresión) e competencia matemática.
- Propoñer iniciativas que permitan a optimización dos recursos humanos e materiais do centro e dos que pode ofertar o entorno.

■ **Obxectivos referidos ao profesorado:**

- Asesorar, apoiar e colaborar co profesorado na atención á diversidade.
- Coordinar a actuación do profesorado titor, do profesorado de apoio a NEAE e do Orientador de cara a dar resposta ás NEAE do alumnado.
- Coordinar o proceso de avaliación formativa de cada grupo e a información ao alumnado e familias, así como crear unha comisión de axuda de cara ás Avaliacións Individualizadas de 3º e 6º de Primaria.
- Asesorar aos equipos docentes e ao equipo directivo en temas de avaliación, promoción e titulación, posibles consecuencias para o alumnado das correspondentes decisións e as opcións académicas que delas se derivan, así como asesoramento ao alumnado e as súas familias. Asimesmo, prestarase apoio técnico no referido á avaliación inicial do alumnado así como os criterios de avaliación formativa.
- Facer posible a colaboración do profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- Colaborar na resolución das necesidades que teñan as titorías para levar a cabo a súa función.
- Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle información sobre recursos, medios materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que poidan favorecer o seu labor docente e tutorial.

■ **Obxectivos referidos ás familias e á comunidade:**

- Promover actividades formativas e informativas que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, co fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.
- Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.
- Informar e asesorar sobre aspectos que corrixan desigualdades económicas.
- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan asistencia e apoio que poidan precisar por estar en risco de exclusión.
- Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de Orientación Específico (EOE) e DO dos IES adscritos e/ou doutros centros.
- Coordinar a intervención do DO coas distintas institucións e profesionais que incidan na atención ao alumnado con NEAE (Saúde Mental Infantil e Xuvenil, UAMI, Centros Cívicos...).

#### **Liñas prioritarias de actuación:**

- Promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos: as prácticas restaurativas.
- Asesoramento, colaboración e apoio ao proceso de ensino-aprendizaxe e á acción tutorial.
- Apoio e asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as medidas de atención ao alumnado con NEAE.
- Atención a toda a diversidade presente no centro (equidade na educación).
- Promoción da participación e implicación das familias.
- Orientación académico-profesional.
- Establecemento de plans de mellora de atención á diversidade.
- Adaptación das programacións para facer fronte aos novos retos aparecidos pola pandemia.
- Acollida emocional do alumnado.

#### **4.3.8. DINAMIZACIÓN TIC.**

COORDINADOR: MÍGUEZ SANMARTÍN, PABLO	
VÁZQUEZ RIVAS, MIGUEL	CERNADAS CAAMAÑO, LAURA
FERNÁNDEZ BATÁN, M <sup>a</sup> AMPARO (web)	MARQUÉS NAVEIRAS, ELISA

<b><i>POLOS CREATIVOS</i></b>
COORDINADOR: ROUCO FERREIRO, JAVIER F.

<b><i>PLAN DIXITAL</i></b>
COORDINADOR: MÍGUEZ SANMARTÍN, PABLO

#### **Calendario de reunións:**

Os primeiros luns de cada mes, de 17 a 18 horas.

### **Propostas de actividades:**

- Continuar coa Páxina web do Centro.
- Afianzar a utilización a Aula Virtual da páxina web.
- Colaborar co alumnado e profesorado na aprendizaxe do manexo dos equipos e programas, especialmente as novas Pantallas Interactivas.
- Impulsar o deseño e desenvolvemento de actividades relacionadas coas materias do currículo.
- Explorar as posibilidades dos medios tecnolóxico e dixital, segundo a idade do alumnado.
- Implementar o Plan Dixital do Centro.

### **4.3.9. ACTIVIDADES DE DRAMATIZACIÓN E TEATRO.**

Continuaremos coas funcións de monicreques representadas polo alumnado dos cursos superiores para o resto de compañeiras e compañeiros. Contaremos coa axuda da nosa benquerida Teacher (M. Carmen López Pallas) como colaboradora externa.

### **4.3.10. EQUIPO DE BIBLIOTECA.**

COORDINADORA: SACEDÓN NAVEIRA, CARLOTA ARIMA	
ANDRADE PÉREZ, LAURA	VELEIRO TENREIRO, MARÍA BELÉN
TOLEDANO GÓMEZ, ALEJANDRA	NOVO CIENFUEGOS, ANA MARÍA

### **Calendario de reunións:**

Os primeiros luns de cada mes, de 17 a 18 horas.

### **Proposta de actividades:**

- Seguir participando no PLAMBE.
- Utilización da plataforma KOHA para a xestión dos fondos da biblioteca.
- Remodelar e/ou optimizar os espazos lectores.
- Renovar e dinamizar as seccións de poesía e teatro.
- Afianzar a Hora de Ler (LSS) reservándolle un tempo diario no horario de tódolos cursos.
- Continuar coas Mochilas Viaxeiras nos cursos impares.
- Impulsar o Club de Lectura para familias e alumnado.
- Abrir a Biblioteca polas tardes de 16.00 a 17.00 e nos recreos(por quendas), para que o alumnado poida desfrutar dela.
- Formación de usuarios, cunha formación específica para o alumnado voluntario de 6ºEP que colabore na biblioteca.
- Continuar participando no programa Lectura e familias.
- Realizar unha formación específica de biblioteca dentro do PFPP.
- Manter a difusión do traballo e actividades realizadas polo alumnado a través da web e, como novidade, a través da aplicación Instagram.
- Renovar as instalacións da biblioteca.

#### **4.3.11. COMISIÓN DE CONVIVENCIA**

##### **Compoñentes:**

Equipo Directivo.

Equipo de Orientación: P.T. e A.L.

Promotor de Igualdade: María Irma Rodríguez Bermúdez.

##### **Propostas:**

- Intervir en todos aqueles casos que precisen atención para cumprir as normas de convivencia dende o respecto e tolerancia.
- Facer especial fincapé na promoción das propostas que se fagan dende a Biblioteca Escolar e/ou os distintos equipos ou ciclos.
- Colaborar no desenvolvemento de Proxecto MUS-E.
- Incidir nas Prácticas Restaurativas e a Comunicación Non Violenta como medio para a resolución de conflitos.
- Promover unha liña de traballo no PFPP sobre Educación Afectivo-Sexual.

#### **4.3.12. CONMEMORACIÓNS.**

No centro celebraranse as seguintes conmemoracións:

- 20 de novembro de 2023: Día Universal da Infancia.
- 25 de novembro de 2023: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- Do 28 de novembro ao 5 de decembro de 2023: conmemoración da Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
- 3 de decembro de 2023: Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- 10 de decembro de 2023: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de xaneiro de 2024: Día Internacional da Educación.
- 30 de xaneiro de 2024: Día Escolar da non Violencia e da Paz.
- 23 de febreiro de 2024: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo de 2024: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo de 2024: Día Mundial dos Dereitos do Consumidor.
- Segunda semana de marzo de 2024: Semana da Prensa.
- 1 de abril de 2024: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril de 2024: Día Mundial da Saúde.
- Semana do 23 de abril de 2024: Semana do Libro.
- 2 de maio de 2024: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio de 2024: Día de Europa.
- Semana do 17 de maio de 2024: Semana das Letras Galegas.
- 5 de xuño de 2024: Día Mundial do Ambiente.

De conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

#### **5. ESTADÍSTICA DO ALUMNADO**

Educación Infantil (3 anos).....	19	matriculados/as
Educación Infantil (4 anos).....	23	“
Educación Infantil (5 anos) .....	24	“
Primeiro A E. Primaria ..	14	“
Primeiro B E. Primaria ..	15	“
Segundo E. Primaria ..	24	“
Terceiro E. Primaria ..	24	“
Cuarto A E. Primaria ..	22	“
Cuarto B. E. Primaria ..	20	“
Quinto E. Primaria ..	23	“
Sexto E. Primaria ..	26	“
<b>TOTAL.....</b>	<b>234</b>	“

## **6. SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E DO EQUIPAMENTO**

### Planta soto:

Contamos cun patio cuberto, o local da ANPA, o comedor, servizos e duchas, sala de caldeiras e un pequeno xardín.

A empresa adxudicataria do catering cambiou o mobiliario do comedor e queda pendente cambiar o chan (xa concedido por parte do Concello pero levamos casi un curso agardando). A finais do curso pasado pintouse un mural no comedor con temática Rosaliana.

Faría falta acondicionar algún espazo para vestiario do persoal do comedor e acondicionar acústicamente o espazo.

### Andar baixo:

Conserxería: equipo de megafonía, chaveiro do centro, cadro de luces e central de ferramentas.

Servizos hixiénicos en fronte da Conserxería.

Patio cuberto de Educación Infantil: Precisa ser pintado despois de terlle posto o chan novo. Ten algunha pequenas goteiras. Dende finais do curso pasado conta cun mural de Lingua de Signos.

Biblioteca (en re-organización todo o mes de setembro).

Aula de Relixión Evanxélica (na antiga vivenda da conserxería).

Espazo para hixiene de alumnado con NEE.

Xefatura de Estudos e despacho do Equipo de Orientación.

Secretaría.

Dirección.

Sala de profesorado.

### Área de educación infantil:

Na rampa de baixada hai goteiras; o Servizo Técnico da Delegación visitou o Centro en xullo e solicitou amañar a avería. En cada temporal se desprende un pedazo da cuberta exterior e mesmo teñen que vir os bombeiros. Estamos nunha situación de perigo.

Dúas aulas para as clases de 3 e 4 anos con Paneis Dixitais.

Servizo para alumnado con catro WC, cinco pilas con billa de temporizador e dúas con fluxómetros para beberen os/as nenos/as.

Servizo para profesorado.

### Soto:

Aula de música. Precisaría dun servizo eficaz de ventilación para evitar as humidades.



#### Primeiro andar:

Aula de Ed. Infantil de 5 anos (con Panel Dixital).

Aulas de 1º e 2º de Ed. Primaria (con Paneis Dixitais).

Aula de Relixión Católica con encerado dixital, ordenador e conexión a internet.

Aula de Pedagogía Terapéutica, con ordenador e conexión a internet.

Servizos hixiénicos para alumnado e profesorado.

#### Segundo andar:

Catro aulas para 2º, 3º, 4º e 5º de Ed. Primaria, cada unha delas con PDI e conexión a internet.

Aula de informática equipada con 15 ordenadores, proxector e conexión a internet.

Aula de Audición e Linguaxe, con tablet e ordenador con conexión a internet.

#### Terceiro andar:

Aula de 6º de Primaria con ordenador, proxector, conexión a internet e Pantalla Dixital.

Ximnasio/salón de actos: Agora dispón de dúas ventás grandes novas que melloran a ventilación.

Servizos/vestiarios.

Almacén de material deportivo e de teatro.

Obras pendentes: amañar e/ou repoñer a cuberta da rampa de Infantil, que se desprende en cada temporal; creación dunha escaleira de emerxencias; pintado do patio de Infantil, do ximnasio e da biblioteca; renovación do chan do comedor e do ximnasio; mellora da ventilación na aula de Música e dos cuartos de limpeza; amaño das goteiras; pintura dun mural na Biblioteca.

### **7. PROGRAMA ANUAL DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.**

O profesorado deste Centro vai participar nun Proxecto de Formación Permanente con catro liñas de traballo: Educación Afectivo-Sexual, Comunidades de Aprendizaxe, Aproveitamento da Biblioteca Escolar e Polos Creativos..

O Director participará nas actividades que organice a Asociación de Directores de Centros Públicos da Coruña co fin de intercambiar información e mellorar na xestión do Centro. Tamén formará parte dun Seminario Permanente de Dirección no CFR.

A coordinadora do Equipo de Biblioteca participará nas actividades que se organicen dende a Asesoría de Bibliotecas da Consellería para os centros incluídos no PLAMBE.

O Coordinador do Proxecto MUS-E participará nas actividades organizadas dende a Fundación Yehudi Menuhin.

Paralelamente, e de xeito individual, cada membro do Claustro participará (como é habitual) nas actividades formativas que considere.

### **8. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS**

A metodoloxía é unha cuestión central no traballo docente e, polo tanto, precisa ser constantemente revisada para dar resposta ás necesidades e demandas do alumnado.

## **8.1 ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS.**

Están definidas no PEC e desenvolveranse ó longo de todo o curso na súa totalidade.

## **8.2. ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE.**

### **8.2.1. Introducción.**

A diversidade do alumnado (sempre presente pero moitas veces negada) esixe unha atención especial de cara á construción dunha escola inclusiva. Seguindo as directrices do Equipo de Orientación daremos pasos cara ao tratamento individualizado do alumnado e á prevención de posibles disfuncións no proceso de ensino e aprendizaxe.

### **8.2.2. Obxectivos.**

- Colaborar co profesorado do alumnado con NEAE.
- Adquirir e/ou elaborar materiais educativos para a súa mellor atención educativa.
- Colaborar nas medidas de apoio e reforzo educativo.
- Organizar os apoios que o profesorado titor vai prestar entre os diferentes niveis.
- Estar en contacto con organismos tendentes á atención á diversidade.
- Establecer as medidas pertinentes para a prevención do Absentismo Escolar.
- Facer un seguimento do alumnado con NEAE en colaboración coas titorías.
- Calquera outra medida que o Equipo de Orientación teña incluída no seu Plan.

Debido ás diversas problemáticas atopadas no eido da atención á diversidade (dende dislexias, dislalias, TEL, TEA, etc. a alumnado de lingua materna non oficial) tan abundantes no noso Centro, consideramos que sería preciso unha intervención sistemática máis especializada alén da que prestan os apoios e/ou a mestra de PT. Por iso vemos necesario o nomeamento dun profesional de AL a tempo completo.

### **8.2.3. Metodoloxía.**

A metodoloxía que se utilizará segue os principios de normalización e non discriminación defendidos polas leis vixentes; así, tenderase, sempre que sexa posible, a dar o apoio dentro da aula ordinaria.

Sempre se comezará polos coñecementos que posúe o alumnado procurando, pouco a pouco, ir desenvolvendo as ZDP (zonas de desenvolvemento próximo) do mesmo. Con isto, preténdese que vaian conseguindo alcanzar os obxectivos propostos para o curso e nivel no que se atopen.

### **8.2.4. Temporalización.**

Na temporalización teremos en conta o rendemento do alumnado e as súas características, respectando o seu ritmo de aprendizaxe.

### **8.2.5. Reunións.**

Estableceranse os seguintes ámbitos de coordinación:

- Entre as persoas titoras e o Equipo de Orientación, establecéndose un calendario de reunións quincenais, así como reunións de final de avaliación de todos os cursos.
- Entre a Comisión de Coordinación Pedagóxica, Equipo do profesorado e o coordinador do Departamento de Orientación.
- Entre os diferentes Equipos de Traballo constituídos no Centro.

## **9. AVALIACIÓN**

A avaliación será continua partindo da análise sistemática das producións e dificultades do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe. Será, polo tanto, unha avaliación formativa onde se terán en conta tódolos ámbitos implicados nos procesos educativos.

As xuntanzas de avaliación serán nas seguintes datas:

1ª	Ed. Infantil, 1º e 2º de Ed. Primaria	4 de decembro
	3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria	11 de decembro
Entrega de cualificacións: 22 de decembro		
2ª	Ed. Infantil, 1º e 2º de Ed. Primaria	4 de marzo
	3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria	11 de marzo
Entrega de cualificacións: 31 de marzo		
3ª	Ed. Infantil, 1º e 2º de Ed. Primaria	3 de xuño
	3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria	10 de xuño
Entrega de cualificacións: 21 de xuño		

## **10. PLAN DE ORGANIZACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS E DO EQUIPO DIRECTIVO. HORARIO DE ATENCIÓN Ó PÚBLICO**

### **10.1. Claustro de profesorado:**

Está formado por todo o profesorado do Centro.

#### Calendario de reunións:

- Adscripción do profesorado. Titorías. Criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios. Equipos de coordinación docente: setembro e outubro. Propostas para a Programación Xeral Anual: setembro e outubro.
- Asambleas coas familias: 25 de setembro.
- Dar a coñecer os aspectos docentes da PXA: outubro.
- Renovación do Consello Escolar se proceder: outubro.
- Participación dos Equipos de traballo: todo o curso.
- Lectura da Memoria do curso escolar: xuño.

E calquera outra reunión que se considere necesaria para un bo funcionamento do Centro.

### **10.2. Persoal non docente.**

Conserxe.

Dúas limpadoras.

Coidadora: Andrea López Santalla.  
Intérprete de lingua de signos: Cristina Martínez Pena.

### **10.3. Consello Escolar:**

Este curso realizarase unha renovación total do Consello, pero a día de hoxe está constituído polos seguintes membros:

Presidente (Director): Javier Fco. Rouco Ferreiro.  
Xefa de Estudos: Laura Cernadas Caamaño.  
Secretario: Miguel Vázquez Rivas.

Representantes do profesorado:  
Amparo Fernández Batán  
Indalecio Ramudo Andiión  
Alberto Vázquez Alonso  
Ana María Novo Cienfuegos  
Belén Veleiro Tenreiro

Representantes das familias:  
María Vidal Regueiro  
Silvia María Vázquez Nuñez

Representante ANPA:  
José Manuel Munín Pazos.

Representante municipal:  
Graciela Cañas.

Representante de Administración e Servizos:  
*Vacante por non haber unha persoa nomeada definitivamente*

#### **Comisión Económica:**

Javier F. Rouco Ferreiro, director.  
Miguel Vázquez Rivas, secretario.  
Alberto Vázquez Alonso, representante do profesorado.  
José Manuel Munín Pazos, representante das familias.

#### **Observatorio de Convivencia:**

**Coordinador:** Indalecio Ramudo Andiión, Orientador.  
Javier F. Rouco Ferreiro, Director.  
Laura Cernadas Caamaño, Xefa de Estudos.  
Miguel Vázquez Rivas, Secretario.  
Amparo Fernández Batán, representante do profesorado.  
María Irma Rodríguez Bermúdez, responsable de promoción da igualdade.

Calendario de xuntanzas do Consello Escolar:

- Comisión de Convivencia: cada trimestre.
- Aprobación das actividades extraescolares presentadas pola ANPA: outubro.

- Dar a coñecer a PXA: outubro.
- Aprobación da execución do Proxecto de Orzamento (contas): xaneiro
- Comunicar a admisión de alumnado: abril.
- Avaliación e memoria da PXA e do funcionamento do Centro: xuño.
- Lectura da Memoria correspondente: xuño
- Solicitude continuidade do comedor: xuño.

E cantas outras reunións do Consello Escolar sexan necesarias para un bo funcionamento do Centro.

#### **10.4. Equipo Directivo:**

Director: Javier Fco. Rouco Ferreiro.  
Xefa de Estudos: Laura Cernadas Caamaño.  
Secretario: Miguel Vázquez Rivas.

#### **10.5. Horario de atención ó Público.**

Dirección: de luns a venres de 11:30 a 13:00 horas.  
Secretaría: luns a venres de 13:10 a 14:00 horas.  
Xefatura de Estudos: de luns de 9:00 a 9:50 horas. O resto da semana de 12:00 a 13:00 horas.

### **11. PLAN DE POTENCIACIÓN DA LINGUA GALEGA**

Partindo do Proxecto Lingüístico do Centro e seguindo as súas directrices, cada ano elaboramos un Plan de Dinamización do Uso da Lingua Galega que conta cunha axuda da Consellería. Dentro del organízanse diferentes actividades tendentes a celebrar a nosa Lingua e a fomentar o seu uso.

### **12. RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL COMPLEMENTARIO**

Constan na documentación enviada á Inspección e difundida na páxina web.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRESCOLARES**

#### **13.1. Actividades Complementarias.**

Neste apartado recóllense todas aquelas actividades que resulten de interese para o alumnado e que se poden celebrar tanto dentro como fóra do recinto escolar. O profesorado titor acompañará –sempre que sexa posible- ao seu grupo xunto con outro profesorado co fin de prever posibles continxencias. A programación destas actividades atenderá a razóns de carácter cultural, pedagóxico e didáctico.

As saídas serán decididas por cada titoría atendendo aos intereses e ritmos do alumnado. Dende o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares informarase ao profesorado das diferentes opcións (Programa Educativo do Concello; Bibliotecas, Museos e Fundacións; conmemoracións organizadas polo Concello, Policía Local, etc.) co fin de non desaproveitar o potencial educativo da contorna.

O alumnado de 6º de Educación Primaria realizará unha saída cultural a finais de curso como despedida da súa estancia no Centro. Tal saída abranguerá tamén o tempo da tarde.

O resto das saídas que se programen serán en horario de mañá.

Na medida en que o profesorado titor o considere, programaranse momentos de convivencia entre familias e alumnado dentro do horario lectivo nas aulas correspondentes. Tamén poderán acudir estudantes universitarios e/ou persoal investigador e docente sempre coa presenza dun membro do Claustro durante a actividade. Nestas sesións desenvolveranse obradoiros, contacontos, xogos, etc. que axuden a establecer vencellos entre o Centro e a Universidade.

Para visibilizar o noso traballo e afianzar a convivencia coas familias, celebraranse no Centro dous Festivais: un no Nadal e outro a Fin de Curso. Neles participará obrigatoriamente todo o alumnado e profesorado.

### 13.2. Actividades extraescolares.

O Consello Escolar do Centro aprobou, propostas pola xunta directiva da ANPA, as actividades extraescolares que a continuación se relacionan e que se desenvolverán en horario non lectivo de entre outubro e xuño:

HORA	LUNES	MARTES	MIÉRCOLES	JUEVES	VIERNES		
16:00-16:30	Baloncesto 2-6 EP Dibujo/Comic (16:00 a 17:30)	Yoga 4-6 El Patinaje Alquimia	Judo INF +1EP Ingles 4-6 EP Teatro 1-3 EP Comediantes 4-6 EP	Futbol INF+1EP Baloncesto 2-6 EP Ingles 1-3 EP	Judo INF +1EP Ingles 4-6 EP Teatro 1-3 EP Comediantes 4-6 EP	Ingles 1-3 EP Patinaje Alquimia	Dibujo/Comic (16:00 a 17:30)
16:30-17:00							
17:00-17:30		Yoga 1-6 EP Patinaje Alquimia	Judo 2-6 EP	Danza 1-6 EP Futbol 2-6 EP	Judo 2-6 EP	Patinaje Alquimia	
17:30-18:00							
ENTRADAS Y SALIDAS TODAS POR RÚA PONTEDEUME							
<p>* se imparten en el gimnasio            * Se imparten en el patio de fuera, pista de futbol            * se imparte en el patio pista de baloncesto            * Se imparte teatro en aula de música y comediantes en patio infantil            * se imparten en clase clase de Belén 1-3 EP y en clase de Religión 4-6 EP            se imparte en clase de religion</p>							

## 14. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO

No documento que recolle as Normas de Organización e Funcionamento do centro aparece reflectidos o Plan de Autoprotección do centro e as Normas de uso do servizo de comedor.

Tras a formación en Autoprotección que todo o profesorado realizou o curso pasado, este curso volverase realizar outro simulacro de evacuación.

## 15. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS COA COMUNIDADE E A FAMILIA

- **Biblioteca de barrio:** solicitando axuda no desenvolvemento de proxectos e collendo en préstamo os fondos necesarios.
- **Asistencia Social-Centros Cívicos:** Cando a dirección do centro precisa a súa axuda puntual para algún alumno, a través do servizo de Orientación do centro: Coordinación, absentismo escolar, axudas familiares, etc.
- **Concello:** A través da páxina Web e correo electrónico, comunicánselle as demandas do Centro en canto a arranxos do mesmo e comunicación co Servizo Municipal de Educación, para todas actividades que se precisen.
- **Policía Local:** Programa Axente Tutor.
- **Familias:** Ante a posible incorporación tardía de alumnado faranse as reunións pertinentes para facilitar a súa acollida no centro. A información coas familias será o máis fluída posible evitando as circulares en papel e promovendo a visita á web do Centro como fonte principal de información. Abalar móbil será tamén unha ferramenta privilexiada para a comunicación. Na web do centro están os correos electrónicos de todo o profesorado para facilitar o contacto con todos os profesionais.
- **ONGs.**
- **ANPA:** Reunións periódicas para a coordinación das actividades extraescolares, estado de contas e rendemento das mesmas.
- **Outras institucións:** naquelas actividades que sexan de interese para o alumnado, sempre solicitándose por escrito á dirección do centro.
- **Outros centros de Primaria:** A través da asociación de Directores de colexios públicos, con carácter mensual, celebraranse reunións para concretar, coordinar e conseguir unha mesma liña de actuación.
- **Co IES “Sardiñeira “ e IES “Rafael Dieste”** como institutos adscritos.
- **Centro Cívico Sagrada Familia – Os Maios:** na oferta que fan ao alumnado do centro con actividades de reforzo (UAMI: Unidade de Atención á Emigración).
- **Centro de recursos de Audición e Linguaxe “Nosa Señora do Rosario”.**
- **ONCE,** para axudar ao tratamento da diversidade funcional.
- **Universidade da Coruña** como centro receptor de alumnado en Prácticas dos Graos de Infantil e Primaria e colaboración para a elaboración de Proxectos de Investigación, Teses de Doutoramento, Traballos de Fin de Grao ou Mestrado e/ou Proxectos Europeos (alumnado ou profesorado en formación que visite o Centro poderá asistir a algunha sesión de clase, desenvolver propostas didácticas etc. sempre en presenza do profesorado do Centro).

## 16. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO

A ANPA do Centro solicitou o uso das instalacións para o desenvolvemento das actividades extraescolares e foi concedida pola dirección do centro; concretamente empregarán o patio cuberto, o patio de Infantil, o ximnasio, a aula de Relixión Católica, a aula de Informática e as aulas de 4º e 6º de Infantil. A ANPA comprométese a que as aulas despois de ser usadas nas extraescolares, queden igual que as atoparon sendo responsabilidade súa repoñer os danos que se poideran causar e podendo ser denegado o uso das mesmas de haber reincidencia.

A escola de Fútbol Zenit solicitou o emprego do patio cuberto para a súa escola; solicitarase permiso ao Concello para tal fin.

## **17. PLAN DE BIBLIOTECA E PROXECTO LECTOR.**

Dende a entrada do noso Colexio no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares pretendemos que este espazo sexa o centro pedagóxico do noso traballo. Pensamos que unha Biblioteca Escolar viva é garante de aprendizaxes de calidade e de mellora da convivencia. Cada titoría disporá de un horario para poder visitar a Biblioteca e realizar o servizo de préstamo e actividades de Animación á Lectura.

A Biblioteca abrirá de 16 a 17 horas a partir de outubro, xa que en setembro estaranse a realizar traballos de organización dos fondos.

### **Obxectivos:**

- Potenciar o uso da biblioteca escolar.
- Formar para o uso da biblioteca ao alumnado e ao profesorado.
- Afianzar a “a hora de ler” reservándolle 20 minutos diarios no horario de cada aula.
- Aumentar en cantidade e calidade os fondos da Biblioteca.
- Promover as “Mochilas Viaxeiras”.
- Seguir apoiando o Club de Lectura para familias.
- Poñer en marcha un Club de Lectura para alumnado de cursos superiores.
- Continuar coa catalogación, ordenación e renovación de fondos bibliográficos..

### **Medidas e actuacións para o desenvolvemento do Plan Lector.**

Tendo en conta os obxectivos marcados cara a mellora da competencia lectora e escritora do alumnado do noso centro propoñémonos levar a cabo as seguintes actuacións:

- Lectura diaria na aula.
- Animación á lectura: sesións trala lectura dun libro axeitado ao respectivo nivel.
- Teatro e Contacontos.
- Celebración de efemérides literarias.
- Elaboración de proxectos documentais.
- Exposicións.
- Visita de persoas autoras, ilustradoras e/ou editoras.

## **18. RESUMO ECONÓMICO DO CENTRO**

Os gastos de funcionamento e arranxos son asumidos polo Concello.

Consellería:	Ingresos Consellería e outros .....	88.935,20 €
“	Gastos .....	35.782,40 €
	Remanente.....	53.152,80 €

## **19. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.**



Realizaranse trimestralmente reunións de profesorado co Equipo de Orientación para analizar os métodos empregados no ensino, necesidades e resultados obtidos. Tamén se avaliará a coordinación docente, a correspondencia cos diferentes plans, a coordinación cos organismos circundantes e coa ANPA do Centro e -no seo da CCP- as accións desenvolvidas dentro do Plan de Convivencia.

Nos diferentes equipos farase unha reflexión sobre o grao de consecución dos obxectivos propostos e a metodoloxía empregada, buscando as causas e as medidas de superación dos mesmos.

Por outra banda, farase unha análise da contorna, dos recursos e das instalacións do centro e do emprego dos mesmos.

No tocante ao alumnado, avaliarase a súa asistencia, rendemento académico, actitude e respecto das normas de convivencia. Farase especial fincapé na atención ao desenvolvemento emocional do alumnado como fonte de motivación e éxito escolar.

O profesorado titor informará trimestralmente e por escrito ás familias dos progresos e dificultades detectados na consecución dos obxectivos establecidos no Proxecto Curricular.

## **20. PERSOAL NON DOCENTE**

O centro conta cunha conserxe, unha coidadora, unha intérprete de lingua de signos e dúas traballadoras de persoal de limpeza e o persoal designado pola empresa responsable do comedor e do programa de Madrugadores.

## **21. COMEDOR ESCOLAR E PROGRAMA MADRUGADORES**

O comedor escolar funciona durante todo o período lectivo, baixo a tutela, xestión e financiamento da ANPA do Centro. O horario é de 14 a 16 horas. Están presentes varias monitoras contratadas pola empresa de catering Jardanay para atención do comedor, vixilancia e coidado do alumnado.

No Programa Madrugadores danse as mesmas condicións organizativas que o comedor no horario de 7:30 a 09:00 h.

## **22. OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA**

### **Compoñentes:**

Director: Javier Fco. Rouco Ferreiro.

Xefa de Estudos: Laura Cernadas Caamaño.

Promoción da igualdade: María Irma Rodríguez Bermúdez.

Orientador: Indalecio Ramudo Andión.

Representantes do profesorado: M<sup>a</sup> Belen Veleiro Tenreiro e Amparo Fernández Batán.

Representante das familias: José Manuel Munín Pazos.

## **23. SOLICITUDE DE DÍAS NON LECTIVOS.**

Este ano vanse solicitar o 4 de novembro e o 2 de maio.

## **24. ARRANXOS PENDENTES**

Pintar as dependencias que máis o necesitan: patio de infantil, ximnasio e biblioteca.

Habilitar saídas de emerxencias.

Reparar o chan do comedor e do ximnasio.

Decorar a zona de Infantil da Biblioteca cun mural.

Acondicionar acústicamente o comedor.  
Mellorar a ventilación dos cuartos de limpeza.

## **25. O PATIO**

Pretendemos mellorar a convivencia cotiá no patio voltando ás quendas de xogos de pelota, asistencia á Biblioteca e á presenza de material lúdico variado de cara á consecución dun patio máis inclusivo. Para desconxestionar o patio, un curso cada día fará o recreo no ximnasio.

A Coruña, 30 de setembro de 2024  
A Dirección do Centro

Asdo.: Javier F. Rouco Ferreiro